


Elabora unha composición explicando as principais características da rede ferroviaria construída en España durante a segunda metade do século XIX: financiamento, obxectivos, condicionantes do territorio e desafíos tecnolóxicos. Usa na túa argumentación o contido dos seguintes documentos. Salienta as peculiaridades da mesma en Galicia.

18. Evolución dos trazados ferroviarios



Docto. 2: Docto. 9: Lei [de clasificación de ferrocarrís] (3-6-1855)

Art.1. Os ferrocarrís dividiranse en liñas de servizo xeral e de servizo particular.

Art.2. Entre as liñas de servizo xeral clasificaranse como de primeira orde as que, partindo de Madrid, terminen nas costas ou fronteiras do reino...

Art.4. A construción das liñas de servizo xeral poderá verificarse polo Goberno, e no seu defecto por particulares ou compañías...


Art.14. As concesións das liñas de servizo xeral outorgaranse por un prazo de noventa e nove anos como máximo.

Art.15. Ao expirar o prazo da concesión, adquirirá o Estado a liña concedida con todas as súas dependencias, entrando no goce completo do dereito de explotación...

Art.20. Concédense desde logo a todas as empresas de ferrocarrís: 1.Os terreos de dominio público que haxan de ocupar o camiño e as súas dependencias... 4. A facultade exclusiva de percibir, mentres dure a concesión, e de acordo coas tarifas aprobadas, os dereitos de peaxe e os de transporte.

KILÓMETROS DE VÍAS FÉRREAS					
Países	1830	1840	1850	1860	1870
EE UU	30	4.500	14.400	48.000	83.200
Rusia	-	27	500	1.591	10.731
Alemania	-	580	6.053	11.724	19.719
Francia	38	497	3.010	9.439	17.733
Reino Unido	91	1.349	10.660	16.797	24.383
España	-	-	28	1.935	5.442
Italia	-	20	620	1.404	6.429

Novas de [El Correo Gallego](#) sobre o ferrocarril Zamora Ourense Coruña (26-XII-2018): ligazón ao [video](#) co documental e fotos.



Docto. 3: Extraído de Sara Vila, “Digitalizar dos siglos de Historia. La Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago incorpora su archivo a la realidad virtual” (*El País*, 10-2-2011).

[...] A lo largo de su historia, que comenzó en 1784, la Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago (Rseaps) se encargó de fomentar la actividad intelectual. También mostró interés por dinamizar los principales pilares de la economía gallega [...] Estuvo involucrada en el primer proyecto para traer el ferrocarril a Galicia y colaboró en la inauguración de la línea férrea de Santiago a Carril en 1873 [...] De todos los informes publicados en el seno de esta sociedad destacan los referidos a las técnicas de pesca de la sardina como el manuscrito original de la obra *La industria de la pesca en Galicia* de Joaquín Díaz de Rábago [...] Existen, también, informes sobre la emigración de gallegos al otro lado del Atlántico”.

Docto 4. Extraído de Espinosa, J.C., 2010, *Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo, 120 años de Historia*, Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra, pp. 22, 29, 47 e 244).

"A mediados do século XIX constrúese o novo peirao de pedra. A cidade medra e os seus alcaldes acordan desfacer as murallas para facilitar a expansión continua de Vigo propiciada, entre outros factores, polo aumento das relacións con América, a instalación de novas industrias e a mellora das comunicacións grazas á construción do ferrocarril pois inaugúrase a liña Ourense-Vigo en 1881... Continúan abriéndose fábricas de salgazón e derivados de produtos mariños, o que provoca o crecemento da poboación asalariada e, tamén dunha burguesía financeira e Vigo expándese con novas rúas e coa construción de nobles predios de pedra.

O Centro de Instrucción Mercantil fundouse o 12 de marzo de 1891 como sociedade recreativa aberta a “toda clase de especuladores al por mayor, dependientes de comercio, corredores, agentes marítimos y de cambio, comisionistas transeuntes, empleados de aduanas y cuantos tengan puesta su actividad al servicio de los negocios agrícolas, industriales y comerciales”... Crearon unha oficina de reclamacións ás compañías de ferrocarrís “por el daño continuo que se les origina, por negligencia y deficiente celo en la custodia de mercancías”...

En 1907, José Curbera Fernández, que fora a Bruxelas a facer xestións vencelladas coa fabricación de conserva hermética de pescado, envía un telegrama ao Círculo anunciando a creación da Compañía de Tranvías Eléctricos de Galicia... En 1927 o Círculo Mercantil xestionou a visita dos Reis para inaugurar o novo edificio social da entidade...”.